

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

“ACHÉGATE AO GALEGO, NIVEL BÁSICO”

0. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

O curso *Achégate ao galego nivel básico* está dirixido a persoas de dentro e fóra de Galicia sen apenas coñecementos do idioma, que procuran formación para se iniciar na lingua galega. O carácter aberto da convocatoria implica que non coñezamos de antemán cales son as características do alumnado nin as súas motivacións e expectativas ao se incribiren, polo que, na medida do posible, haberemos de adaptar e contextualizar a nosa programación ás súas necesidades e demandas.

En calquera caso, a finalidade primordial deste curso é a de ofrecerlle ao alumnado a oportunidade de se familiarizar coa lingua galega e achegarse ao noso contorno sociocultural, fornecéndolles as ferramentas necesarias para desenvolver as habilidades lingüísticas básicas (escoitar, falar, ler e escribir), que lles permitan acadar unha competencia no uso do galego que satisfaga as súas necesidades de comunicación máis primarias, máis alá do ámbito académico.

1. OBXECTIVOS.

1.1 Obxectivos xerais:

Os obxectivos xerais correspóndense cos estándares definidos para o nivel A2 do *Marco europeo de referencia para as linguas*, e foron adaptados no esencial ás competencias traballadas nos cursos *Celga 1*, tendo en conta as limitacións temporais do noso curso.

A programación aplicada e o contido curricular seguen as directrices establecidas na Orde do 16 de xullo de 2007, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 146, do 30 de xullo de 2007.

1.2 Obxectivos específicos:

Ao completar o curso, o alumno mostrará unhas capacidades comunicativas orais e escritas sinxelas, pero suficientes para se desenvolver en contextos próximos e familiares, materializadas nun repertorio lingüístico aínda esquemático.

Máis concretamente os obxectivos que guiarán o proceso de ensino-aprendizaxe durante o curso son:

- Ser capaz de comprender e utilizar expresións cotiás de uso moi frecuente, así como frases sinxelas destinadas a satisfacer necesidades de tipo inmediato.
- Poder relacionarse de forma elemental, sempre que o interlocutor fale amodo e estea disposto a cooperar.
- Saber describir, en termos sinxelos, aspectos do propio pasado e da contorna, así como cuestións relacionadas coas necesidades básicas.

Estes obxectivos concrétnanse para cada unha das catro destrezas lingüísticas:

Comprensión oral

- Comprender frases, expresións e vocabulario habitual sobre temas de interese persoal, relacionado con áreas de prioridade inmediata.
- Entender información e instrucións sinxelas, así como pasaxes curtas ou mensaxes telefónicas que traten sobre asuntos próximos.

Comprensión escrita

- Ler textos breves e sinxelos sobre cuestións cotiás que teñan vocabulario moi frecuente.
- Seleccionar información específica e previsible en cartas, catálogos, prospectos, menús de restaurantes, listaxes, horarios, anuncios publicitarios e artigos xornalísticos de carácter informativo.
- Comprender, interpretar e identificar información e instrucións sinxelas, atopadas en carteis e avisos públicos.

Expresión oral

- Intervir en situacións comunicativas elementais e habituais que requiran un intercambio simple e directo de información sobre actividades da vida diaria.

- ⌘ Participar en conversas breves con razoable comodidade, contando coa colaboración do interlocutor.
- ⌘ Producir discursos simples, mesmo con pausas, dúbidas iniciais e reformulacións.

Expresión escrita

- ⌘ Escribir notas e mensaxes breves e sinxelas sobre temas relativos a áreas de necesidade inmediata, empregando frases e oracións enlazadas con conectores de uso frecuente.
- ⌘ Redactar mensaxes breves de rexistro formal, cubrir formularios básicos, escribir cartas ou postais sobre asuntos persoais ou profesionais e elaborar notas ou pequenas mensaxes a amigos sobre cuestións sinxelas.

2. METODOLOXÍA

Para a consecución dos devanditos obxectivos, empregaremos unha metodoloxía funcional focalizada nos procedementos, que reduza a distancia entre coñecemento e habilidade, a través da práctica constante. Xa que logo, as clases terán un carácter eminentemente práctico, baseado no uso comunicativo e expresivo da lingua.

Mediante unha inmersión lingüística plena e a exposición directa dentro da aula a un uso auténtico do idioma, alternaremos tarefas relativas a cada unha das diferentes destrezas. Darémoslles preferencia ás actividades de tipo práctico e fomentaremos os exercicios comunicativos máis lúdicas e creativas, utilizando, sempre que for posible, os recursos audiovisuais, así como o material dispoñible na rede, para dinamizarmos as clases e consolidar os contidos desenvolvidos.

Traballando propostas de dinámica variada, centrarémonos en incentivar a confianza do alumnado na propia capacidade, fomentando posturas positivas, evitando o medo ao erro, superando o sentido do ridículo e desenvolvendo o seu espírito crítico.

3. CONTIDOS

Os contidos que se irán introducindo para acadar os obxectivos específicos nas diferentes destrezas están especificados nas seguintes unidades didácticas:

Unidade 1: Coñecéndonos

<i>Tarefas</i>	<i>Contidos funcionais</i>	<i>Contidos gramaticais</i>	<i>Contidos léxicos e socioculturais</i>
<ul style="list-style-type: none"> ≡ Presentarse. ≡ Coñecer e presentar os compañeiros da clase. 	<ul style="list-style-type: none"> ≡ Intercambiar información persoal. ≡ Presentar e despedirse, saudar e despedirse. ≡ Dar información sobre o lugar de orixe e de residencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ≡ Os números. ≡ O abecedario. ≡ Pronuncia de vogais e consoantes. ≡ Regras básicas de acentuación. ≡ Formas de presente dos verbos máis comúns. ≡ Pronomes tónicos de suxeito. 	<ul style="list-style-type: none"> ≡ Expresións básicas de saúde e despedida, tratamento, agradecemento e desculpa, acordo e desacordo, etc. ≡ Léxico relacionado coa idade, o sexo, o estado civil, o lugar de procedencia e as profesións.

Unidade 2: Como somos

<i>Tarefas</i>	<i>Contidos funcionais</i>	<i>Contidos gramaticais</i>	<i>Contidos léxicos e socioculturais</i>
<ul style="list-style-type: none"> ≡ Describirse e describir algo ou a alguén. 	<ul style="list-style-type: none"> ≡ Identificar e describir fisicamente as persoas. ≡ Falar do aspecto e do carácter. ≡ Expresar semellanzas e diferenzas entre as persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ≡ Flexión de xénero e de número de substantivos e adxectivos. ≡ Concordancia de xénero e de número entre substantivos e adxectivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ≡ Léxico sobre características físicas de persoas, obxectos e paisaxes: cores, tamaño, forma externa etc. ≡ Léxico básico sobre estados de ánimo, sentimentos ou carácter.

Unidade 3: O lugar onde vivimos

<i>Tarefas</i>	<i>Contidos funcionais</i>	<i>Contidos gramaticais</i>	<i>Contidos léxicos e socioculturais</i>
<ul style="list-style-type: none"> ≡ Concertar unha cita. ≡ Buscar un compañeiro/a para compartir piso. ≡ Imaxinar e describir o barrio ideal. 	<ul style="list-style-type: none"> ≡ Falar de relacións persoais. ≡ Expresar e contrastar gustos, preferencias e intereses. ≡ Describir aldeas, vilas e cidades. ≡ Falar do que máis nos gusta dun lugar ≡ Pedir e dar información para chegar a un sitio. ≡ Describir obxectos: forma, tamaño, material. 	<ul style="list-style-type: none"> ≡ Artigo determinado e artigo indeterminado: formas e usos. ≡ Contraccións das formas do artigo coas preposicións <i>a, en, con, de e por</i>. ≡ Casos máis usuais de presenza/omisión do artigo. 	<ul style="list-style-type: none"> ≡ As relacións persoais e sociais: relacións familiares, amorosas, de amizade... ≡ Invitacións e citas. ≡ Léxico relacionado con agrupamentos de poboación e tipos de hábitat. ≡ Léxico relacionado coas vías públicas, distribución urbana etc. ≡ Léxico relacionado coa vivenda, o fogar e o mobiliario doméstico.

Unidade 4: Que hai para xantar?

<i>Tarefas</i>	<i>Contidos funcionais</i>	<i>Contidos gramaticais</i>	<i>Contidos léxicos e socioculturais</i>
<ul style="list-style-type: none"> ≡ Escoller chofer, cocineiro/a e guía turístico/a da clase para pasar unha fin de semana de acampada. ≡ Crear un menú do día e elixir os pratos que nos gustan. 	<ul style="list-style-type: none"> ≡ Falar de gustos e hábitos culinarios. ≡ Pedir e dar información sobre comidas e bebidas. ≡ Desenvolverse en supermercados, bares e restaurantes. ≡ Invitar ou propoñer algo. ≡ Aceptar e rexeitar invitacións. ≡ Comprar en tendas, preguntar por produtos e pedir prezos . 	<ul style="list-style-type: none"> ≡ Demostrativos e posesivos: formas, contraccións e usos. ≡ Numerais e ordinais. ≡ Pronomes e adverbios interrogativos de uso máis común: <i>que, quen, cal, cantos, como, onde</i>. ≡ Pronomes tónicos suxeito e complemento. 	<ul style="list-style-type: none"> ≡ Léxico máis habitual relacionado con alimentos, bebidas e gastronomía. ≡ O supermercado, o restaurante. ≡ Receitas e hábitos gastronómicos de diferentes rexións e países. ≡ Preparación e sabores. ≡ Materiais e utensilios. ≡ Pesos e medidas. ≡ Receitas sinxelas, típicas de Galicia / do país de orixe

Unidade 5: A nosa vida cotiá

<i>Tarefas</i>	<i>Contidos funcionais</i>	<i>Contidos gramaticais</i>	<i>Contidos léxicos e socioculturais</i>
<ul style="list-style-type: none"> ≡ Coñecer os hábitos dos nosos compañeiros de clase. ≡ Facer unha listaxe das cousas necesarias para unhas vacacións ou unha fin de semana fóra da casa. 	<ul style="list-style-type: none"> ≡ Falar de hábitos. ≡ Expressar a frecuencia das accións e actividades. ≡ Expressar a secuencia das actividades. ≡ Falar de preferencias. ≡ Expressar necesidade. ≡ Preguntar e dicir a hora. 	<ul style="list-style-type: none"> ≡ Formación, usos e valores máis comúns do indicativo e formas non nominais dos verbos regulares e irregulares máis comúns. ≡ Adverbios máis comúns para a expresión de negación, afirmación, modo, tempo, lugar e dirección. 	<ul style="list-style-type: none"> ≡ Os nomes das horas, das partes do día, dos días da semana, dos meses do ano... ≡ Os puntos cardinais e outro vocabulario básico referido á localización no espazo. ≡ Actividades dun día normal/un día da fin de semana. ≡ Actividades de lecer. ≡ Diferenzas de hábitos entre culturas diversas.

Unidade 6: Que che ocorre?

<i>Tarefas</i>	<i>Contidos funcionais</i>	<i>Contidos gramaticais</i>	<i>Contidos léxicos e socioculturais</i>
<ul style="list-style-type: none"> ≡ Falar de gustos e preferencias. ≡ Interesarse polos compañeiros e ofrecer e pedir axuda. 	<ul style="list-style-type: none"> ≡ Falar de gustos e preferencias relativas ao aspecto físico. ≡ Falar de estados de ánimo. ≡ Falar de sensacións físicas, describir dores, molestias e síntomas. ≡ Dar información sobre problemas persoais. ≡ Dar consellos e suxestións. 	<ul style="list-style-type: none"> ≡ Formas e usos dos pronomes persoais átonos. ≡ Colocación dos pronomes nas oracións simples. ≡ Concorrencia de pronomes de CD e CI. ≡ Formas <i>te/che</i> 	<ul style="list-style-type: none"> ≡ Hixiene e coidado corporal: as partes do corpo. ≡ A saúde e o estado físico (dor, malestar). ≡ A saúde e os estados de ánimo. ≡ Doenzas e síntomas. ≡ Necesidades corporais (sono, fame, cansazo, frío, ir ao baño...). ≡ Servizos médicos.

Unidade 7: Que tempo vai hoxe?

<i>Tarefas</i>	<i>Contidos funcionais</i>	<i>Contidos gramaticais</i>	<i>Contidos léxicos e socioculturais</i>
<ul style="list-style-type: none"> ≡ Descubrir as cousas máis interesantes do lugar onde estamos. ≡ Organizar unha excursión cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> ≡ Describir lugares. ≡ Falar do clima. ≡ Falar de actividades de lecer. ≡ Falar de horarios. ≡ Establecer comparacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ≡ Construción de oracións simples afirmativas, negativas e interrogativas. ≡ Formas, contraccións e usos dos indefinidos máis usuais: <i>algún, ningún, alguén, ninguén</i> etc. ≡ Graos do adxectivo. ≡ Oracións e expresións comparativas. 	<ul style="list-style-type: none"> ≡ Léxico relacionado co medio físico e co relevo. ≡ Léxico relativo ao tempo meteorolóxico. ≡ Os meses do ano e as estacións. ≡ Lugares de interese turístico.

Unidade 8: Viaxando no tempo

<i>Tarefas</i>	<i>Contidos funcionais</i>	<i>Contidos gramaticais</i>	<i>Contidos léxicos e socioculturais</i>
<ul style="list-style-type: none"> ≡ Relatar unha historia do pasado. ≡ Imaxinar o futuro. ≡ Escribir un correo electrónico contando as nosas experiencias. ≡ Decidir cal foi a época máis interesante da historia. 	<ul style="list-style-type: none"> ≡ Falar de experiencias pasadas. ≡ Expresar desexos. ≡ Expresar instrucións. ≡ Argumentar e debater. 	<ul style="list-style-type: none"> ≡ Perífrases verbais de uso máis habitual. ≡ Introducción ás formas verbais de subxuntivo. ≡ Estilo indirecto. 	<ul style="list-style-type: none"> ≡ Nocións sobre a historia de Galicia. ≡ As viaxes antes e agora. ≡ As etapas da vida. ≡ Grandes inventos. As novas tecnoloxías e as redes sociais. ≡ Medios de transporte. ≡ Viaxe ao pasado: temas para debater.

Unidade 9: Predecindo o futuro

<i>Tarefas</i>	<i>Contidos funcionais</i>	<i>Contidos gramaticais</i>	<i>Contidos léxicos e socioculturais</i>
<ul style="list-style-type: none"> ≡ Escribir unha biografía imaxinaria para introducir nunha cápsula do futuro. ≡ Decidir cal foi a época máis interesante da historia. 	<ul style="list-style-type: none"> ≡ Situar accións no pasado e no presente. ≡ Argumentar e debater. ≡ Expresar acordo e desacordo. 	<ul style="list-style-type: none"> ≡ Pronomes reflexivos e usos pronominais dos verbos máis usuais. ≡ Conxuncións coordinantes e subordinantes. ≡ Oracións coordinadas e subordinadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ≡ Acontecementos e personaxes importantes da historia. ≡ Léxico relativo á arte. ≡ Léxico de arquitectura.

4. RECURSOS

Ademais da utilización do manual *Aula de Galego 1* como texto de apoio, poremos á disposición do alumnado outro tipo de materiais elaborados polo profesor ou procedentes de diferentes fontes (revistas, catálogos, formularios, xornais, folletos publicitarios...), para representar na aula a maior diversidade posible de situacións comunicativas.

Así mesmo, aproveitaremos os recursos audiovisuais ao noso alcance para guiar os estudantes no proceso de adquisición de destrezas, dunha forma dinámica e atractiva e, ao tempo, procuraremos motivalos cara a unha aprendizaxe autónoma, mediante o uso das novas tecnoloxías. Neste sentido, Internet ofrécenos extraordinarias ferramentas educativas para experimentar coa lingua, que facilitan tanto a autocorrección dos exercicios como a consulta e o reforzo dos contidos, habilitando unha porta permanentemente aberta ao contacto co galego, fóra das fronteiras físicas e temporais que forzosamente limitan calquera curso presencial.

5. AVALIACIÓN

A partir dunha avaliación inicial que permita diagnosticar o punto de partida do traballo e o grao de competencia do alumnado, realizaremos unha avaliación continua e progresiva, comparando as novas tarefas coas anteriores, para medir os progresos do grupo en xeral e a evolución da aprendizaxe de cada alumno en particular.

A valoración dos resultados abranguerá o traballo realizado dentro da aula e fóra dela, a consecución dos obxectivos establecidos e a motivación e a participación nas actividades propostas. Alternaremos a corrección escrita das actividades, de xeito que o alumnado poida facer unha revisión daquilo que necesita mellorar, coa corrección oral en común, potenciando deste modo a participación e o uso oral da lingua.

Por último, recorreremos á autoavaliación, que permitirá os alumnos non só decatarse dos seus “erros” para poder rectificalos, senón que os fará conscientes da importancia da avaliación en todo proceso de ensino-aprendizaxe.